

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO. AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. Curso escolar 2024/2025

QUEN PODE SOLICITALO?:

Fondo solidario de libros de texto: alumnado matriculado en 3º e 4º.

OLLO: O alumnado de 5º e 6º participa no proxecto de innovación E-DIXGAL polo que está excluído na participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúnan os requisitos establecidos na orde.

Axudas para adquirir libros de texto: alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade $\geq 65\%$) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE–), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.

Axudas para adquirir material escolar: alumnado matriculado en EP e EE.

QUE PRAZOS TEMOS PARA SOLICITALO?:

Ata o **21/06/2024 (este incluído)** para alumnado de EP e EE, no centro escolar ou mediante a sede electrónica.

ONDE O PODO SOLICITAR?:

-PREFERIBLEMENTE: - Solicitude na **Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

Neste suposto o centro recibira un aviso no seu correo electrónico que lle informara de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

-Solicitude no centro: Neste caso recollerán a solicitude de luns a xoves en horario de 09:30 a 10:00 e presentarase no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación no mesmo horario. Non se entregará nin recollerá

documentación fóra de este horario. O centro **non** fará fotocopias de ningunha documentación.

QUE DOCUMENTACIÓN TEÑO QUE PRESENTAR?:

- Solicitude unha soa por familia e por centro (Anexo I)
- Anexo II.
- Copia de todo o libro de familia.

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar				Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€		> 6.000 e ≤ 10.000€		En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material		Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	240€	160€	75€	60€	240€	75€	300€	75 €	300 €	75 €
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾			Fondo: 6 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 300 € ⁽²⁾			
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	240€	160€			240€					
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	270€	180€			270€					